



Memoria xustificativa do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Palas de Rei para a execución de actuacións de “Mellora e ampliación das infraestruturas de abastecemento en Palas de Rei. Concello de Palas de Rei (Lugo)”, cofinanciado polo Fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas

Entre outras competencias, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, correspóndelle a esta entidade a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos concellos e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta. No mencionado ámbito material, constitúe un dos nosos obxectivos a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos.

2 O obxectivo destas obras é mellorar as condicións de vida dos veciños deste concello de Palas de Rei, de tal xeito que poidan ter auga en cantidade e calidade suficiente para satisfacer as súas demandas de auga potable.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Palas de Rei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31.12.2016. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Palas de Rei que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “Mellora e ampliación das infraestruturas de abastecemento en Palas de Rei. Concello de Palas de Rei (Lugo)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

5 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento ten por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.





Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela
O director de Augas de Galicia

Roberto Rodríguez Martínez
(*asinado dixitalmente*)

